

RESOLUCIÓN DE 1 DE OUTUBRO DE 2019 DA XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA A CORUÑA, DE BAREMACIÓN DEFINITIVA DAS CATEGORÍAS DE PERSOAL SANITARIO DIPLOMADO, SANITARIO DE FORMACIÓN PROFESIONAL E DE XESTIÓN E SERVIZOS, DO PROCEDIMENTO DE MOBILIDADE INTERNA VOLUNTARIA CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 3 DE MAIO DE 2019, NO ÁMBITO DO HOSPITAL VIRXE DA XUNQUEIRA.

Mediante a Resolución da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña de data 3 de maio de 2019 (DOG nº 104 do 4 de xuño de 2019) convocouse procedemento de mobilidade voluntaria interna para o persoal estatutario fixo das categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e persoal de xestión e servizos do Hospital Virxe da Xunqueira.

Despois da publicación da resolución provisional de baremación, das categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e persoal de xestión e servizos con data 5 de agosto de 2019, e unha vez rematado o prazo de reclamacións establecido na convocatoria, esta Xerencia de Xestión Integrada,

RESOLVE:

Primeiro: Publicar as puntuacións definitivas de baremación, no devandito procedemento de mobilidade voluntaria interna, correspondentes ás seguintes categorías:

- Enfermeiro/a
- Técnico/a en coidados auxiliares de enfermería
- Fisioterapeuta
- Grupo auxiliar da función administrativa

Segundo: Darlle publicidade ás listaxes definitivas de baremación das categorías relacionadas, a través do taboleiro de anuncios do Hospital Virxe da Xunqueira /páxina Web do ESPAZO DO PROFESIONAL.

A baremación definitiva tamén será visible no Fides/Expedient-e, no apartado de Procesos- Mobilidade voluntaria interna, de cada aspirante.

Terceiro: Convocar aos/ás aspirantes das categorías relacionadas no apartado primeiro aos distintos actos de elección de prazas.

As persoas aspirantes serán chamadas por rigorosa orde de puntuación, para escoller entre as prazas ofertadas que queden vacantes no momento no que deban exercitar o seu dereito de opción, segundo o seguinte calendario:

| CATEGORÍA PROFESIONAL | DÍA | HORA |
|---|-----------------------|-------|
| Enfermeiro/a | 17 de outubro de 2019 | 10:00 |
| Técnico/a en coidados auxiliares enfermería | 17 de outubro de 2019 | 10:30 |
| Fisioterapeuta | 17 de outubro de 2019 | 11:00 |
| Grupo auxiliar da función administrativa | 17 de outubro de 2019 | 11:10 |

Lugar: Sala de Xuntas de Dirección do Hospital Virxe da Xunqueira.

Cando exista imposibilidade de acudir ao acto de elección, poderase subscribir un apoderamento, no que asinará a persoa que elixe praza e a persoa apoderada, achegando fotocopia do DNI. Dito apoderamento solicitarase no departamento de RR.HH. do Hospital.

No acto de elección é necesario a identificación mediante DNI. Os profesionais asinarán, no propio acto, o documento acreditativo da súa elección.

Cuarto: Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes, contado a partires do día seguinte ao da súa publicación nos termos dos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña, 1 de outubro de 2019

 **SERVIZO GALEGO de SAÚDE** | Xerencia de Xestión Integrada A Coruña
XERENCIA
O Xerente de Xestión Integrada

Asdo.: Luis Verde Remeseiro